

PROPOSTA DE MEDIDAS DE ACTUACIÓN PARA A CREACIÓN DE EMPREGO E A REACTIVACION ECONÓMICA NO CONCELLO DE ORDES E COMARCA

Desde o inicio da crise, a CIG está a defender todo un conxunto de proposta alternativas, orientadas a unha saída favorábel á clase traballadora galega e feitas desde a perspectiva de defensa dos nosos intereses, propostas que se concretaron na presentación dunha ILP en 2013 a través da que partíamos de 100 medidas concretas para a creación de emprego en Galiza. Só desde alternativas feitas en función da nosa propia realidade social e económica, de aproveitamento óptimo da profesionalidade e dos sectores económicos asentados na comarca, poderemos ofrecer alternativas que sirvan aos intereses da clase traballadora e que garantan un reparto equitativo da riqueza en beneficio da maioría social.

O concello de Ordes e o resto de concellos da comarca contan como motores básicos da súa economía co sector agrogandeiro: produción de leite, carne, horta, este sector chegou a ter unha taxa de ocupación superior ao 28%, así como cun asentamento importante de industria manufactureira, nomeadamente industria do téxtil e da confección que na comarca de Ordes chegou a xerar 2.000 postos de traballo directos. Ao tempo que xoga un papel importante o sector servizos, comercial, hostaleiro, etc., que sobra dicir, a súa supervivencia depende do mantemento dos principais motores da economía local e comarcal.

O sector primario leva anos perdendo importante peso en Galiza e por extensión tamén na comarca ordense que veu reducida drasticamente o número de explotacións como consecuencia de políticas que se empeñaron máis en fomentar o peche de explotacións, facer inviábel a incorporación de mozos e mozas as explotacións, ca de incentivar o sector e apoialo na procura da creación de emprego, de evitar o despoboamento do rural, etc..

Igual sorte está a correr unha parte importante da industria manufactureira afincada na comarca e maioritariamente no Concello de Ordes, berce de moitas empresas do sector do téxtil e da confección, mesmo de marcas propias a través da que se xeraron máis postos de traballo coa creación de talleres auxiliares.

O acordo sobre téxtiles e confección de Marrakech en 1994 establecía a progresiva eliminación de cotas de exportación dos países emerxentes no prazo de dez anos. Por tanto o primeiro de xaneiro de 2005 significou a liberalización do tráfico internacional de produtos téxtiles e de vestiario e con elo as empresas do téxtil buscaron obter a máxima rendibilidade desprazando a produción a países que realizan o traballo en precario, con menos custes laborais e con escasa ou nula normativa laboral e que vulneran as máis elementais normas de seguridade, saúde laboral e respecto ao medio ambiente. En Galiza e concretamente no Concello de Ordes (12.669 habitantes) a deslocalización (principalmente a Portugal, Marrocos, China, India...) precarizou aínda máis as condicións laborais e destruíu o tecido produtivo. Na comarca de Ordes o sector do téxtil conta cunha man de obra especializada, que emprega maioritariamente a mulleres desta comarca. Segundo datos do Instituto Galego de Estatística (I.G.E.) no ano 2008 traballaban no sector téxtil 857 mulleres, nos anos seguintes debido a

deslocalización e a falla dun plan específico para este sector por parte da Xunta e do Goberno español que apostaron en todo momento por deslocalizar a produción en lugar de protexer a industria galega, fixo que ao longo destes anos se fose destruindo emprego neste Concello. Das 857 traballadoras no ano 2008 pasouse a 205 traballadores a comezos do mes de abril de 2017. En total foron destruídos neste período 652 (76%) empregos e foron pechados máis de 60 talleres de confección, entre os que destacan pola cantidade de man de obra que empregaba: Têxtil Mendo, por peche, con 50 empregos destruídos no ano 2014, peche de Viriato con 150 traballadoras, e 103 do Grupo Deus a principios do ano 2017 a través de un ERE. Tamén compre salientar os peches ao longo destes anos dos pequenos talleres “subcontratados” polas grandes marcas (Inditex, Lacoste, Viriato, El Corte Inglés, Pertegaz...) como son: Ordesa con 20 empregadas, Têxtil Mouriño 25, Têxtil Bastian 20, Áncora Punto 50, Retriscos 30, Senla Punto 35 e Confecmila/MBL con 110 empregos destruídos a través de peches propiciados por EREs ou concurso de acredores.

Demandamos pois do Goberno galego a adopción de medidas urxentes para frear a destrución de emprego na comarca ordense. Neste senso que propoñemos a adopción das seguintes medidas:

PROPOSTAS DE ACTUACIÓN:

1.SECTOR DA INDUSTRIA TÊXTIL E DA CONFECCIÓN.-

1.1.- Eliminación de facilidade e axudas a proxectos de deslocalización de empresas:

- As axudas as empresas deberán estar condicionadas ao mantemento do emprego.
- Penalización da deslocalización da produción
- Prohibición de ERE's en empresas con parte da súa produción deslocalizada ou con proxecto de deslocalizala.
- Gravames fiscais para produtos reimportados de empresas deslocalizadas.
- Etiquetado que indique onde se produza e deseñe a prenda e si cumpre coa normativa ambiental.

1.2.- Apoio decido das institucións públicas as pequenas e medianas empresas en canto a:

- posta a disposición de solo industrial e bonificación de arrendamento de locais durante os primeiros anos da instalación da empresa.
- Asesoramento fiscal, laboral e contable
- Facilidades de acceso a préstamos para investimentos.

- Bonificación do consumo de enerxía necesario para a actividade industrial.

1.3.- Promoción da moda galega e do consumo de prendas de vestir e complementos feitos en Galiza, mediante a creación de eventos nas localidades de exposición deste tipo de produción.

1.4.- Contratación con empresas afincadas en Galiza a elaboración de todo tipo de uniformes e/ou materiais téxtiles de utilización obrigatoria en empresas públicas (ex. Todo tipo de centros médicos)

1.5.- Promover acordos para regular o comercio global de produtos téxtiles e da confección.

1.6.- Establecemento de regras comúns europeas para atallar a explotación laboral de traballadoras e traballadores do sector, especialmente de nenos e nenas.

1.7.- Harmonización fiscal europea, para evitar que as grandes empresas aproveiten para pagar impostor en países máis vantaxosos fiscalmente.

2.POLITICA INDUSTRIAL E SECTOR AGRARIO

2.1.- Demandar do Goberno galego a posta en marcha un plan de desenvolvemento industrial que promova o peche dos ciclos produtivos en Galiza e aumente o valor engadido en sectores básicos da economía nesta comarca (leite, téxtil, enerxías renovábeis, silvicultura), así como que fomente a promoción exterior dos produtos galegos, priorizando sectores e mercados.

2.2.- O Goberno galego porá en marcha, coa participación do sector, un plan de medidas de apoio ao sector forestal e agrogandeiro, que garanta uns prezos xustos dos seus produtos, fomente a incorporación de xente moza a actividade agraria, permita unha explotación racional do monte e unha xestión social e sustentábel e que aproveite o mato para a coxeneración de enerxía e calor.

2.3.- A política agraria da Xunta de Galiza estará baseada nos seguintes principios:

- a) Apoio e potenciación da agricultura extensiva, da gandaría e da agricultura ecolóxica.
- b) Ordenación dos usos da terra e orientación de cultivos, tomando como obxectivo a mobilidade de terras e a ampliación da base territorial das explotacións, así como o aproveitamento e xestión común.
- c) Apoio aos circuitos curtos de comercialización e de transformación.
- d) Creación dunha rede de servizos técnicos públicos relacionados coa actividade agrogandeira.
- e) Peche dos ciclos produtivos mediante o apoio a proxectos que permitan desenvolver novas liñas e produtos de alto valor engadido.

3.SECTOR DO COMERCIO E O TURISMO.

3.1.- A Xunta de Galiza desenvolverá unha campaña permanente sobre a necesidade de consumir produtos e servizos elaborados en Galiza, como forma de manter e crear emprego no noso país, comezando por facer efectiva esta medida as propias institucións, organismos e empresas públicas, a todos os niveis.

3.2.- A política comercial e turística da Xunta de Galiza estará baseada nos seguintes principios:

- a) Apoio ao pequeno comercio, cunha regulación dos horarios que lles sexa favorábel, así como limitando a instalación de grandes superficies comerciais.
- b) Potenciación das empresas galegas de distribución, vinculándoas coa produción manufactureira local, as denominacións de orixe, a identidade e a calidade do produto e a promoción do mercado interno.
- c) Promoción do turismo mediante campañas de promoción no exterior, con especial fincapé no turismo rural, potenciando tamén o turismo vinculado á natureza.

4. SECTOR DA MADEIRA E FORESTAL.

4.1.- O Goberno galego porá en marcha, coa participación do sector, un plan estratéxico do uso agrícola, gandeiro, enerxético e forestal do monte galego, que garanta unha produción forestal sustentábel, que poña en valor as especies autóctonas e aposte pola segunda transformación, con apoio a aquelas empresas que aposten polos produtos de calidade e deseño diferenciado.

4.2.- Establecemento de oficinas de orientación á veciñanza das vantaxes das especies autóctonas e da importancia de contar coa fase de transformación

5. ECONOMÍA SOCIAL.

5.1.- O Goberno galego apoiará a constitución de cooperativas ou sociedades anónimas laborais e promoverá a formación en materia de economía social, así como a participación do sector nos órganos de representación institucional da Comunidade Autónoma.

6.DEFENSA DO DEREITO A UN TRABALLO DE CALIDADE.

No ámbito das súas competencias e nos órganos de cooperación multilateral entre o Estado e as Comunidades Autónomas, nomeadamente na Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais, a Xunta de Galiza defenderá as seguintes posicións:

- a) Derrogación das últimas reformas laborais.
- b) A redución da xornada laboral no camiño da conquista das 35 horas semanais, como medida de reparto do traballo.
- c) Aplicación da legalidade vixente e ampliación das políticas de igualdade e conciliación no eido laboral, que teñen esencial incidencia na calidade de traballo e de vida das mulleres e que están sendo abandonadas coa escusa da crise e os consabidos recortes.
- d) Fomento de políticas de rendas que favorezan a mellora xeneralizada dos salarios e a redución progresiva do abano salarial.
- e) Incremento do salario mínimo interprofesional ata acadar o 60% do salario medio.
- f) Defensa dos convenios de sector como referencia de aplicación mínima obrigada para as empresas afectadas no seu ámbito de aplicación.
- g) Que toda a negociación colectiva se desenvolva en Galiza.
- h) Respecto do principio de causalidade para toda a contratación temporal, derogando toda a normativa que non respecte o dito principio, así como penalización da contratación temporal, tanto no salario como na cotización da cota empresarial.
- i) Eliminación de todas as subvencións xenéricas á contratación, agás a aqueles colectivos de difícil inserción, e utilización destas na creación de emprego nos servizos públicos.
- j) Reforzo do Servizo Público de Emprego de Galiza e cumprimento da recomendación da Comisión Europea sobre Garantía Xuvenil, para que as persoas menores de 25 anos reciban unha boa oferta de emprego, formación continúa ou prácticas, nun prazo non superior a catro meses tras quedar en situación de desemprego ou rematar a formación regrada.
- k) Eliminación das ETTs e das axencias privadas de colocación.
- l) Potenciación da suspensión dos contratos ou reducións de xornada en lugar do despedimento ou dos EREs extintivos, nas situacións de crise empresarial.

m) Derrogación das últimas reformas do sistema público de pensións, pois ademais de significar unha caída na contía destas, supón unha medida negativa na creación de emprego ao atrasar a idade de xubilación e dificultar o acceso a unha pensión.

n) Intensificación dos controis da Inspección de Traballo sobre a causalidade da contratación así como sobre a economía irregular, especialmente nos sectores e colectivos de maior incidencia, favorecendo así a creación de emprego estable e con dereitos.

o) Potenciación das políticas activas de emprego, establecendo un programa específico de orientación, formación e recualificación para a mocidade desempregada e persoas paradas de longa duración.

p) Mediante acordo tripartito establecer compromisos concretos de incorporación de mozos e mozas, que abandonaron os estudos e hoxe están desempregados, para a súa formación en empresas, financiado con orzamentos da Xunta e con recursos achegados polas propias empresas.

q) Creación do Instituto Galego de Emprego e Formación Profesional que asuma as competencias plenas en materia dos tres subsistemas.

Por todos estes motivos, a CIG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

Acordo

Manifestar o apoio da Corporación Municipal a este conxunto de propostas de actuación para a creación de emprego e a reactivación económica da comarca de Ordes.

Dar traslado a Xunta de Galicia do acordo por esta Corporación Municipal instándoa a poñer en marcha os proxectos de lei correspondentes que fagan efectivas as medias que se propoñen.

Na Comarca de Ordes a 07 de Xuño de 2017
CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA
(C.I.G.)